

A/A Sr. Alcalde, Don José Blas García Piñeiro

En varias ocasións solicitamos ao Concello de Ames una serie de melloras necesarias na seguridade viaria na contorna do CEIP A MAÍA. Peticións que consideramos lóxicas posto que estamos a falar de protexer ao noso alumnado así como ao resto de persoas pertencentes a esta comunidade educativa; pero que polo de agora non recibimos máis que respostas esquivas ou silencio.

Con data de 21 de marzo, mobilizamos ás familias para que a través da canle de comunicación cidadá que ten o Concello de Ames: atencionciudad@concellodeames.gal enviaran un correo co seguinte texto:

"Pola seguridade do meu fillo/a, solicito un novo paso de peóns (á maiores do existente) e limitación e redutores de velocidade no tramo viario que afecta ao CEIP A MAÍA".

A resposta que se nos fixo chegar foi a seguinte: "...contestando á súa solicitude específica de colocar un novo paso de peóns dicirle que esa posibilidade non se pode materializar debido a que xa existen dous pasos de peóns en pouco máis de 200 metros, e polo tanto é inviable a nivel de normativa de circulación a creación doutro novo."

O Claustro e o Consello Escolar consideramos confusa e imprecisa esta resposta polo que solicitamos:

1º.- Que nos indiquen exactamente a que normativa se están a referir, posto que a descoñecemos.


2º.- Si esa normativa existe, cal é o motivo e empeño para que só se pretenda aplicar no que nós solicitamos, posto que constatamos que a maioría dos pasos de peóns actualmente trazados nas rúas de Bertamiráns non a teñen en conta. Achegamos probas fotográficas:

1.- Avenida da Peregrina

1.1.- Paso de peóns do portal principal do CEIP A MAIA ao paso de peóns do pavillón municipal (aprox): 205 m



1.2.- Desde C. Rueiro até Asador Vaca Vella (aprox.): 118 m.




1.3.- Desde Asador Vaca Vella até Expert Ames (aprox.): 74m



1.4.- Desde Expert Ames até rotonda (aprox.): 124m.



2.- Rúa do Cómaro: 58 m.





Rúa do Cómaro: 38m



De Rúa do Cómaro a Travesía do Lodeiro: 67 m



Xa non incluímos nas fotografías os máis recentes trazados na Avenida da Maía, a altura do Gadis ou á altura de Carlín, por exemplo; pero si poderíamos seguir documentando e medindo todos os

pasos de peóns que actualmente hai en todas as rúas de Bertamiráns e **é difícil de atopar o cumprimento desa norma a que vostedes fan referencia e a que se acollen para non atender á nosa petición.**

3º.- Levamos anos demandando varias melloras, entre elas o paso de peóns, sen que polo de agora acadáramos o noso obxectivo, que entendemos que debería ser tamén de interese para o Concello e polo tanto, común.

Sabemos que hai un informe da Policía Local, con data de 3 de decembro de 2023, na que se recomenda adoptar unha serie de medidas; estamos a 17 de abril de 2024 e non se levaron a cabo ningunha desas medidas

A nosa pregunta é, **realmente impórtalle ao Concello de Ames a seguridade dos menores escolarizados no CEIP A MAÍA?** Por favor, non esperemos a que ocorra un desafortunado incidente por non adoptar as medidas que dende esta comunidade educativa levamos insistentemente solicitando.

4º.- Sabemos que non somos quen de decidir os puntos da orde do día das sesións do Pleno, potestade que correspóndelle exclusivamente a vostede, polo que, sen querer interferir nas súas funcións, solicitámoslle que si o considera oportuno e dada a nosa preocupación lexítima sobre este asunto, tivera a ben incluílo na orde do día das próximas sesións e debatida na mesma.

Agardando a súa resposta, reciba un cordial saúdo.

En Bertamiráns, a 17 de abril de 2024

A Directora



Asdo.: M^a Isabel Abelleira Bardanca.

